

# ID#594

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

**Informantes:** Calviño (45) e Celestino (40)

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

**Edición da presente ficha:** Isabel Vigo



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

*Continuación do corte anterior: MPG\_ScbSa\_0139\_003\_en\_Ponteceso\_IV\_1\_0\_27\_30\_id593*

*Destácanse en negrita as partes da letra incluídas no Cancioneiro Popular Galego (Vol.V 26)*

[Celestino:

Heiche decir logh' o que pasa  
o detalle vese ben  
qu' o conto da bruxería  
ás vellas vailles moi benhe;

Calviño:

Rexuben unhas das outras  
son mui malas d' entender]  
aquela que berra máis  
ten a casa sen barrere;

Celestino:

Algunhas hainas da casa  
ti xa o sabes Calviño  
deix' ò labor por facere  
àcupase do veciño;

Calviño:

Polas aldeas d' aquí  
na zona donde nos 'stamos  
pra puñe-la sal ghaliña  
inda non fan falta un;

Celestino:

Heinah de poñer a leña  
qu' inda eu non o sabía  
pas' à min nin máis nin menos  
coma... a ti

Calviño:

Pois ti a mais miña tía  
digho por pirmeira vez  
se vos poñedes d' acuerdo  
boa parexa facése;

Celestino:

Deitámono nunha cama  
imos dar unha man dreita  
solo que necesitamos  
unha camiña ben feita;

Calviño:

Ten que ser en cama dura  
téndeme esta razonhe  
qu' os dous trastes enriba  
ides fundi-lo colchonhe;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Adamais que seña daira  
eu voute desengañare  
a fonda moito colchonhe  
e non a podo pillare;

Calviño:

**A pobre de miña tía  
pod'agarrar un rapaz  
pro creo que xa aprendiu  
e xa sab'a march'atrase;**

Celestino:

A marcha n-a deprendeiu  
bueno Dios que a pintou  
qu' aghora non ten peligho  
que ghracias a Dios xa quitou;

Calviño:

Pois vou decirch' unha cousa  
deso hai con abundancia  
pro eu non quer' as comidas  
xa que a fan sin sustancia;

Celestino:

Home neso diz verdaie;  
qu' eu ... capitale  
e falamos xa por falare  
qu' eu non m' intereso por ela;

Calviño:

A boa falta che fai  
mira que cousa é o caso  
qu' el 'acaba de decir  
que' a ieso non che fai caso;

Celestino:

Pos se eu aporto algo  
eu dentro que non a ghoce  
se cadra tamén llo digho  
e buena siesta de doce;

Calviño:

Hasta vos facerá falta  
facer com'o caracol  
salir ás doce do día  
pra donde vos dea o sol;

Celestino:

Xa ves ti que tes razonhe  
que habemos da-la man dreita  
ou se non marcho pro monte  
pr' aló pra entr' a feita

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

**Ai viva Tallo e máis Leduzo  
qu' o pelo xa se nos riza  
viva quen nos visitou  
viva a señora suíza;**

Celestino:

A señora de momento  
o labor caille moi ben  
que si ti lle da-la viva  
teño que darlla taménhe;

Calviño:

Ai calábala por forza  
qu' eu son Calviño de Tallo  
qu' ela pra ghraba-las cousas  
tamén pas'ò seu traballo;

Celestino:

Ese traballo con forza  
qu' eu comprend' ese labore  
que quen tuv'a culpa toda  
o cura, o porfesores;

Calviño:

Pois Dios a conserve ben anos  
qu' eu heillos de deseare  
que se Calviño non morre  
aínda lle volv' a ghrabare;

Celestino:

Pois haslle ghrabar Calviño  
des' aleghrome moi ben  
se conoce a Celestino  
podelle ghrabar tamén;

Calviño:

Xa sabe donde vivimos  
en tend'o noso galán  
ven dreitaios cantadores  
non se acargha ninguénhe;

Celestino:

Pois se chegh' adonde minhe  
neghar non m' hei de negare  
porqu' usté chegh' a Leduzo  
e non ten máis qu' avisare;

Calviño:

**Que viva à nosa Ghalicia  
carreteras e camiños  
que vivan os cantadores  
da Baixa de Berghantiños;**

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Estirámo-la gharghanta  
ighual que dix'o meu pai  
na baixa de Berghantiños  
outro'pa nóh non os haie;

Calviño:

Temos esta profesión  
cousa de natureza  
e temos que darll'ah ghracias  
ã Dios por darnos cabezã;

Celestino:

Eu digholl'èsta señora  
dunha vez qu'è iestranxeira  
todo esto que ghrovou  
leve osté ionde queira;

Calviño:

Pode ir a calquera lado  
seia d'invern'ou de vran  
qu'unque vai'a Nortamérica  
coma iésteñ non o fanhe;

Celestino:

Disque os hai no estranxeiro  
que cho digh'a poucã voz  
veñen á televisión  
po non noh dan clas'ã nose;

Calviño:

Clase nesto non a ihai  
que'est'estudio non o tén  
qu'este é un don de Dios  
e fai falta näcer benhe;

Celestino:

Ahora heicho decire  
qu'eu no'o teño por bäixezã  
porque esto sal d'aquí  
dã nosã propiã cabeza;

Calviño:

Levo vintacinco anos  
aghercend'a profesión  
e semblei moitos amighos  
co asunto dã canciónhe;

Celestino:

Neso non tas enganado  
eu espero que me dighäs  
que inda enganach'a ben deles  
co asunto das amighäs;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Eu defendom'ònha forma  
como mellor me convén  
pra tornar do meu corpiño  
que comenenciã me tenhe;

Celestino:

O detalle de Calviño  
que espera que ll'eu digã  
non sei o que lle pasoue  
disque tiña unh'amighã;

Calviño:

Inda tuven máis ca unha  
a mais trataronme ben  
aghorã teño cincuenta  
non me fai caso ninquiénhe;

Celestino:

Ahora doume de cuenta  
que dí-la verdã iaquí  
que terás unhã cheã delãs  
pero non mirãn pra ti;

Calviño:

Mirar inda miran algho  
desd'a cãbezã iós pés  
pro non me miran ó dreito  
miranm'algho de travése;

Celestino:

A mais non lle poñãs culpa  
qu'eu entend'o estribillo  
que cheghaches ós cincuenta  
e fallach'o pizãrrillo;

Calviño:

Miram'un algho pra baixo  
cousa de naturalezã  
pro agardasm'o defeuto  
tar sin pelo na cabeza;

Celestino:

Serã do moito pensare  
buen'o Dios que te pintou  
qu'inda ti non me dixeches  
por qué recoño marchou;

Calviño:

O pelo quitoumo Dios  
a mais quitoumo lixeiro  
non me pãrciu mal nincún  
que xa mo dera pirmeiro;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

**Así a todo Calviño  
qu'eu qued'algh'ademirado  
o seres da mismã quintã  
e quedar así pelado;**

Calviño:

**Quedei cäs cavilacións  
a mais vivo moi contento  
porque Dios quitoum'o pelo  
deixoum'o entendemento;**

Celestino:

**Quitouch'o peliño todo  
que non tardas en pelare  
e o pouqu'entendemento  
non che tarda en marchare;**

Calviño:

**Poder cantar libremente  
sin usá-la picardía  
e decir tod'o qu'eu sei  
cási qu'er'o qu'eu queriã;**

Celestino:

**Eu desengañot'ahora  
como t'hei desengañare  
debe decí-lo que queiras  
de curto non vas quedare;**

Calviño:

Cambeamos de ghubierno  
xa non manda quen mandaba  
pro seghimos coa ruta  
qu' ainda 'siste cacicada;

Celestino:

Ahora doume de cuenta  
que tes bo entendemento  
porque a cacicada toda  
pois esta no este Entamiento;

Calviño:

No Entamiento no-stá  
digho esto moi prudente  
qu' aghora no Untamiento  
temos xent' inteligente;

Celestino:

Ti tabas no Entamiento  
qu' inda non cheghou na ihora  
sei que che resulta ...  
que non te chimpanon fora;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Houbo un relevo no sitio  
e mais non fui general  
a min botáronme fóra  
por non ghasstar capitale;

Celestino:

Cando te botaron dentro  
pola sighbiente razón  
xa non entrabas daquela  
se non fora ese xamón;

Calviño:

Eu xamón nunca lovei  
polo que voucho contare  
qu' eu cun asunto de trampas  
non me ghusta traballare;

Celestino:

Home parece mentira  
has de ter entendemento  
cand' o Couto er' alcalde  
foi cand' entrache pa dentro;

Calviño:

Entreí porque me tocou  
porque son muruxandeiro  
que me deron o relevo  
ó falla-lo zapateiro;

Celestino:

Ahora heicho decire  
si o sei non o decía  
que desde qu' entrou Calviño  
hai máis ben trampas qu' había;

Calviño:

Bótanom' alí pra dentro  
inda m' acordo do día  
alegiron en Calviño  
que millores nos había;

Celestino:

Ahora douch' a verdae  
qu' agora ti tes razón  
o mangate no Entamieto  
non encontrei máis trampónhe;

Calviño:

Eu non fun do Untamieto  
qu' eu falo cando me toca  
non tuven no Untamieto  
fun no barrio da parroquia;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Este alcalde de barrio  
centella o ha de comere  
que tan trampón como ieste  
teño qu' irme por o vere;

Calviño:

Fun trampón pró Untamiento  
carreteras e camiños  
que cartos non llos lovei  
favorecín ós veciños;

Celestino:

Sei que ti diches con forza  
que n-o debes de naghare  
pro conto da carretera  
e quedou por arreghlare;

Calviño:

Eu pedir pedín con forza  
un peso nunca mo deron  
non sei s' é que non os tiñas  
ou fui porque non quixeron;

Celestino:

Pediches cartos con forza  
que eu entend' o estrebillo  
e polo visto nos baches  
botoulle cinco morrillos;

Calviño:

Fun alí por varias veces  
e máis pedinche abando  
e dixeronm' unha vez  
o Untamiento non ten fondo;

Celestino:

E despois din os veciños  
de fartos de protestare  
deronlle cartos con forza  
e quedou por arreglare;

Calviño:

Vasme dar esa man dereita  
que eu a ti quéroche ben  
ti ven preghuntar a Tallo  
non quedei mal con ninguiehe;

Celestino:

Pois eu sentín un detalle  
falando deste labore  
tanto ti coma o Adolfo  
cal dos dous será mellore;



## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Eu fun coas miñas mañas  
doume Dios algho trampón  
pro trampón pros meus veciños  
polo de agora aínda non sonhe;

Celestino:

Pro da mesma frase esa  
coma ti dío calquera  
se vas jodendo ós veciños  
o conto da carretera;

Calviño:

Eu neso non tuven culpa  
a ver se lle busco os xeitos  
o que me parece Celestro  
tí es un bo picapleitos;

Celestino:

Heiche decila verdáie  
que eu de aquí nunca salín  
que eu non che minto Calviño  
é un conto que eu sentínhe;

Calviño:

Ai tamén eu sentín moitos  
aínda os sinto tamén  
e máis alghúns ben mal feitos  
que a min non me sentan benhe;

Celestino:

Tamén non me senta a minhe  
a pesar dese traballo  
que un trampón desa forma  
sea Calviño de Tallo;

Calviño:

Eu disque nacín ó revés  
foi un traballo mal feito  
pro atravesand' a vida  
eu siempre anduven ó dreito;

Celestino:

Home pro desa maneira  
non te poñas ao través  
sen arrehla a carretera  
ser un trampón como és;

Calviño:

Arrehleina oito veces  
nese caso tou contento  
mentres que non cambearon  
sin cartos do Untamiento;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Arreghlaches catro baches  
que eu xa sei por donde viña  
a máis disque deixaches  
moito máis baches ca tiña;

Calviño:

Porque ao pasares nos coches  
o labor ben o entendo  
non queda ben tapizado  
os baches vanse facendo;

Celestino:

Disque pixabas co pé  
falando á miña maneira  
e tocaball' ao morrillo  
marchando ca area á leira;

Calviño:

Na miña vida tal vin  
unha cousa coma iela  
doume ben cavilación  
valía máis tar sen ela;

Celestino:

Home eu sentín un detalle  
que sea conforme sea  
quixeches tapar os baches  
con unha pisca de areia;

Calviño:

Arreghleime como poden  
que cartos no nos había  
e ao ver aqueles buratos  
para pasar non os querían;

Celestino:

Eu sentín un bo detalle  
como é medio comediante  
disque xuntaches abondo  
por esa parroquia adiente;

Calviño:

Pois ghracias aos da parroquia  
que aínda me deron escola  
que senon nalghún burato  
quedab' o coche da 'scola;

Celestino:

Pro di a verdá Calviño  
ti n-o debes de neghare  
que aínda había alghún burato  
e tiñan donde apartar;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Había buratos ghrandes  
voucho decir de contado  
que se cai' un de fuciños  
xa quedaba ben tapado;

Celestino:

Pois daquela xa cho digho  
qu' aghora ien non te como  
debía 'star arrehlada  
dunha vez qu' es maiordomo;

Calviño:

Hai qu' arrehlar eses baches  
a ver se sodes capaces  
se non o coche da 'scola  
non volve polos rapaces;

Celestino:

Quería arrehlar eu esta  
mais d' invern' a mais de vran  
qu' eu falei cos meus veciños  
maldito caso me fanhe;

Calviño:

Pro pasoume ' ighal a min  
por eso non tou contento  
eu baixab' a Puenteceso  
no-hai perra no Untamiento;

Celestino:

Aquí hai cartos con forza  
xa por declalo así  
cada un á súa forma  
arrecada ben pra sie;

Calviño:

Así xa fixeron siempre  
e nuncca tanto fora  
e comenos tres ou catro  
ind' iba ser ighual aghora;

Celestino:

Fixérmo-la carretera  
que quedou por arrehlare  
e máis se vira-la xente  
que forma d' espurriare;

Calviño:

O mundo par moitos  
sube ben o estribillo  
pro outro que poñ'a cara  
e cos cartos no bolsillo;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Socede un detalle  
bueno Dios que os pintou  
porque no demoslle a firma  
sin saber cando cobrou;

Calviño:

Es' é o malo que temos  
díghocho a pouca voz  
veñen e collen as firmas  
e despois rinse de nóse;

*(Fin da transcripción de Dorothe Schubarth e Antón Santamarina)*

Celestino:

Que non volvan por aló  
que eu heino desengañare  
que vivan conforme podar  
pro non lle volvo a firmare;

Calviño:

Eu non me teño por chosco  
tampouco quero ser listo  
pero nesta nosa Ghalicia  
hai moito trampón de Cristo;

Celestino:

Polo trampón que nos temos  
que cho digho a pouca voz  
xa cho digho a ti Calviño  
pois desghraciamonos nóse;

Calviño:

Pois temos esa desghracia  
que eso xa o sabe calquera  
porque algún por salvarse él  
cárgalle a cabra a calquera;

Celestino:

Neso ti dila verdá  
que eu heite desengañare  
pero se vexo máis intento  
nunca máis me van cargare;

Calviño:

Ti deixate de firmare  
ti deixate de firmare  
deixalle que bote a firma  
o que queira ir cobrarre;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Ti no sábelo detalle  
nin sábelo que pasou  
Gharcía anduvo ás firmas  
non sei eu o que cobrou;

Calviño:

Ese ha de ser boa cría  
que parece un recetore  
e había de xuntar cartos  
pra comprare outro tratore;

Celestino:

Ghastou catrocentas mil pesetas  
aínda no declarou  
pero entre nós que firmamos  
sabe Dios o que cobrou;

Calviño:

Pois mire ustedé como están  
ustedé buena señorita  
mira que problemas ten  
no Untamiento en Malpica;

Celestino:

Disque foron a Carballo  
que ese home foi cobrare  
e cheghou a pé de nós  
que lle foramos firmare;

Calviño:

Eu tamén ... o conto  
e máis non salo da casa  
pro eso no noso Untamiento  
neste momento non pasa;

Celestino:

Non compares con Malpica  
que hai un punto de razón  
que no noso Entamiento  
todo é un puro chupónhe;

Calviño:

Eu dighovos unha cousa  
non falo con mentireiros  
alí hai moito armador  
levan todo os mariñeiros;

Celestino:

Home díghoche a verdáie  
co vento ninguén aghoza  
se eu fose unha ... ghrande  
entendía con Mendoza;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Pois eu díghoche unha cousa  
fáloche con condición  
para eso ceiballe un can  
que lle rache o pantalón;

Celestino:

Mira que foi un taxista  
con esto non me rebaixo  
mira o cargho que lle deron  
ó vir por aí abaixo;

Calviño:

Aquí se sale un enfermo  
esto é como un estragho  
ó salir por eses baches  
chegha morto a Santiago;

Celestino:

Aínda non sábelo conto  
nin sabe ben o que pasa  
que se é un pobre e non ten  
ninguén o saca da casa;

Calviño:

Pois esto hai que arreghalo  
como así debe de sere  
que estas cousas a Ghalicia  
non as hai que deixar volvere;

Celestino:

Parece unha mentira  
que esto non debía sere  
que un desgraciado dun pobre  
e que teña que morrere;

Calviño:

Ghalicia da miña vida  
Ghalicia do corazón  
avísalle aos mandatarios  
que suelten o patacónhe;

Celestino:

Heiche de decir Calviño  
que eu tamén os teño vistos  
míralas necesidades  
e de día nos ministros;

Calviño:

Hasta aquí non poden vire  
que non teñen eses talentos  
pro para que están os alcaldes  
para eso nos Untamientos;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Se me falas dos chupónse  
eu declaro hoxe aquí  
ou tí logho nos entendes  
que están cara sie;

Calviño:

Pois eu díghoche unha cousa  
fálocho a boa ihora  
cando viñeron aos votos  
era para soltare para fora;

Celestino:

Pois viñeros a Cerqueda  
eu dígho a verdá Calviño  
e quase toda a parroquia  
que votou cara o veciño;

Calviño:

Canto viñeron aos votos  
viñeron cunhas conquistas  
vinde arreghlalos camiños  
e máis esfaltar as pistas;

Celestino:

Tomeino por outra parte  
ó tomar algo nas pistas  
que pensei que ibas votare  
pro conto dos comunistas;

Calviño:

Eu hei decirche unha cousa  
sea de inverno ou de vran  
a nosa non ten riqueza  
pero coma as vosas non estánhe;

Celestino:

As nosas ti xa aí as vese  
tan todas por arreghlare  
ó mundo doechelle o corpo  
un peso no queren dare;

Calviño:

Home pa arreghlar as pistas  
sin facer máis testamento  
seghún palabras que deron  
depende do Untamiento;

Celestino:

O Untamiento é moi boe  
que che hei de dar o preciso  
que arreghla as pistas todas  
pero cando as hai en Santiso;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Pro eu díghoche unha cousa  
coma min non hai outro  
nas arrehlan todas xuntas  
van indo pouquiño a pouco;

Celestino:

Mira que abaixo da igrexa  
que hai alghén que se fijare  
ca alí fixeron un puente  
que é digno pa se mirare;

Calviño:

Se no fixeron ben feito  
que o volvan a facere  
ou fixérono con presa  
ou foi feito ó anoitecere;

Celestino:

Hasta o fixeron pequeno  
digho porque da a ghana  
que o ghato logho chegha  
ai hasta a altura da campana;

Calviño:

Ai na parroquia de Cerqueda  
eu hasta hoxe non vin  
levo espanto no corpo  
na miña vida tal vinhe;

Celestino:

É un puente moi ben alto  
que eu heite desengañare  
canto morrillo precisan  
se o van a rellenare;

Calviño:

Pois que lle boten area  
tomando vasos de viño  
tamén lla botou aos baches  
o mangante de Calviño;

Celestino:

Eso haillo que deixare  
que eso non o vou falare  
que levaches moita sona  
que disque tes por arrehlare;

Calviño:

Botáronme varias culpas  
alghúns de mala nabiña  
pro teño solucionado  
que eu esas culpas nas tiña;



## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Eu fun pola carretera  
que eu heite desengañare  
eu os baches ben os vía  
pois non ten por onde pasare;

Calviño:

Fun de barrio cinco anos  
por de arredor do arró  
viñeron outros atrás  
fixeron a Calviño bo;

Celestino:

Os que viñeron atrás  
no no debes de neghare  
se che apretaron as cinchas  
tiveches que razonare;

Calviño:

Eu fun alcalde de barrio  
mira ben o que che digho  
xa non taba solitario  
adquirín alghún amigho;

Celestino:

Eu tamén digho a verdáie  
que eu pa aghora xa te aghuardo  
que quen era o teu amigho  
polo visto era o Pardo;

Calviño:

Eu teño amighos asíe  
ighual que as uvas na piña  
eso trae un rabo largho  
que eu son de boa nabiña;

Celestino:

Pois eu xa cheghei a Tallo  
que son un home atrevido  
e máis dixéronme a min  
que eras algho entremetido;

Calviño:

Porque eu vou decirche un conto  
e quero tratarte ben  
que eu a cabalo de min  
nunca quixen a ninguién;

Celestino:

Pois eso ven no labore  
por aí cheghou no malo  
porque un home moitas veces  
ha de consentir a cabalo;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

O que non deixei montare  
mira ben o que che digho  
que non tou equivocado  
hoxe é o mellor amigho;

Celestino:

Pois cheghaches moitas veces  
que eu un día fun alíe  
que no tes por compañeiro  
e máis montaron en tie;

Calviño:

Non me fales desa forma  
que eu non estou na terra nosa  
que para volver por ti  
aghora veu Generosa;

Celestino:

Ai se cheghou Generosa  
e cheghou en boa ihora  
con eso non te equivoques  
logho a mando pra fóra;

Calviño:

O caso é que queira ir  
non tamos na terra nosa  
e si mandaba eu a miña  
pro non quere marchar a nosa;

Celestino:

Xa despachaches ben veces  
o detalle é así  
e non se ghiou Calviño  
porque se abrazou en ti;

Calviño:

Inda non foi eso sólo  
na miña vida tal vin  
por mandala eu a iela  
pois mandoucheme ela a minhe;

Celestino:

Aghora doume de cuenta  
que eu non entendo o labore  
e se queres xa decirme  
cal de vós é o piore;

Calviño:

Despois arreghlamos todo  
que eu son cantador de fama  
que non tuven arreghlo  
marchamos xuntos pra cama;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Ai máis eu doume de cuenta  
que no pasastes moi rico  
porque arreglaron as contas  
despois che deron o bico;

Calviño:

Esa cinta é ben largha  
Celestro voucho contare  
que era mira cara alí  
tarda ben en terminare;

Celestino:

Home parece mentira  
non seas tan trapalleiro  
ghustame unha cinta largha  
xa que vai para o estranxeiro;

Calviño:

Para o estranxeiro non vai  
válome da miña maña  
porque vaise cantar  
polas provincias de España;

Celestino:

Que vaia por donde queira  
que eu decir voucho decir  
que aínda que che leven os demos  
Calviño na vas sentire;

Calviño:

O que a sinta cantar  
ha ser bicho de bo ghando  
o que sinta estas cancións  
di que estou agherreando;

Celestino:

Non agharres comigho  
que eu heite desengañare  
que nós xa nos conocemos  
non imos a gherreare;

Calviño:

Pois nós non agherreamos  
mira o aire pra onde vai  
pro tratando desta historia  
mellor polos non os hai;

Celestino:

Estes polos xa os conoce  
que eu heina desengañare  
que estes son polos vellos  
son moi malos de engañare;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Son moi malos de enganare  
no inverno ou na primavera  
anque sea pra pelalos  
aínda non vale calquera;

Celestino:

Pra arrancarme o pelo a min  
coma min dicho calquera  
que me levanta un por un  
na beira da carretera;

Calviño:

Pois eu pelado xa estou  
e máis non pelei de moca  
aínda hei de espernear  
antes de me meter na pota;

Celestino:

Ai na pota non me meto  
que eu heite desenganare  
que antes de meterme na pota  
primeiro hanme de pelare;

Calviño:

Fagha lume miña tía  
con leña que fagha fume  
con leña de pino verde  
da que teña bo arume;

Celestino:

O arume túa tía  
que eu non vou a ningún lado  
co arume que lle vexo  
parece que vai tirado;

Calviño:

Usté fagha lume forte  
lume que sea fino  
hoxe ha de ter que durmir  
co amigho Celestino;

Celestino:

Aghora vouche decire  
falando á miña maneira  
que che hei de arrimar o peito  
como quen vai pa ghilleira;

Calviño:

Celestino é bo rapás  
e non tá apampanado  
e foi antonte ó ferreiro  
e ten moi ben o arado;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Heillo de clavar ó fondo  
que eu heite desengañare  
e se se pon algo boba  
se cadra ha de esperneare;

Calviño:

Cárghalle o arado ao fondo  
e non te valas de trampas  
que se lle buscas o barro  
son mellores as patacas;

Celestino:

Heille de buscar o barro  
que o digho en boa ihora  
porque se cadra as patacas  
botan o xirimelo fóra;

Calviño:

Hao de botar pra fóra  
e ha de nacer ben contento  
pro non ao outro día  
que ha de nacer ao seu tempo;

Celestino:

Cando ceibe o xerimolo  
que eu heite desengañare  
cando saber como o mel  
verás como os han chupare;

Calviño:

Patacas de boa raza  
troughoas na bicicleta  
foinas comprar a Carjaime  
e disque son de etiqueta;

Celestino:

Se as comprou en Carjaime  
bueno Dios que o pintou  
ou non conoces a Jaime  
vaia Dios que a enghañou;

Calviño:

Usté mirarías ben  
aténdame esta razón  
que se as trouxo de alíe  
das de etiqueta non sonhe;

Celestino:

Comprouna pola etiqueta  
non ves que aghora non fumo  
e Jaime xa lla clavou  
cobroulla pra o do consumo;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Na miña vida tal vin  
que eu bo de enghañar non son  
Jaime era dos xeitosos  
pra poñer na comisiónhe;

Celestino:

Jaime disque é bo home  
que vive de bo oficio  
que é amigho de primera  
conociute no servicio;

Calviño:

Conociume no servicio  
e máis non usaba faixa  
pra ir á regheifa a Anllóns  
hai que facerlle a rebaixa;

Celestino:

E máis metiuse Jaime  
pra acabar de contadiño  
hei de chamar Celestino  
enténdome co Calviño;

Calviño:

E máis tá ben apañado  
si ti pensas o que fais  
se temos que cantar solos  
dúas mil pesetas máis;

Celestino:

Heiche decir unha cousa  
como debes comprendere  
que anque sea ben amigho  
baixa non lla vou facere;

Calviño:

Eu aghora xa vou vello  
e ás veces case calo  
e o rolo que me queda  
oi teño que repetalo;

Celestino:

Aghora xa non é novo  
foi un favor que me fixo  
non lle poño nin lle quito  
que Neles tamén xa o dixo;

Calviño:

Neles non está enghañada  
que entende ben o Belén  
que ela ben ve que o carrete  
que aghora xa non vai ben;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Celestino:

Ai ela xa tamén se queixa  
e máis doulle eu razón  
polo visto ti Calviño  
non cheghas ao escalón;

Calviño:

E non é milaghro ningún  
que Calviño non tá tolo  
aínda se ha de queixar máis  
ó que acabe o fío de todo;

Celestino:

Aghora douche de cuenta  
como di o Pinovete  
e máis xa non tarda moito  
que se termina o carrete;

Calviño:

O carrete non se acaba  
aínda que o colla o frío  
pois non cose a costureira  
así que se acaba o fío;

Celestino:

Home parece mentira  
ti ben ves como barulla  
que ao que se termine o fío  
con que ha de fiar a aghulla;

Calviño:

Se a aghulla non vale muito  
díghocho nunha palabra  
xa non anda arriba e abaixo  
que ta toda enfurruxada;

Celestino:

Pois daquela desa forma  
xa non a pode empleare  
ten o bico enfurruxado  
como recoño ha de entrare;

Calviño:

Xa non entra nin desentra  
nin de ningunha maneira  
case non vale pra nada  
xa logho non hai quen a queira;

Celestino:

Así e todo Calviño  
coa túa carallada  
pa onde recoño queres ir  
coa aghulla enfurruxada;

## ID#594



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Eu aghora xa non coso  
ti aténdeme hoxe a min  
que eu aghora non son xastre  
porque eso xa o batínhe;

Celestino:

Aghora doume de cuenta  
que eu falo á miña maneira  
que parece que tiñas tipo  
un pouco de costureira;

Calviño:

Era media costureira  
pro aghora xa non son  
porque non me fura a aghulla  
xa non cose o pantalónhe;

Celestino:

Inda pica o pantalónhe  
que non vas a ningún lado  
e pasa dun lado ao outro  
se non ta enfurruxado;

Calviño:

Aghora xa non o pasa  
mira o que eu che tou dicindo  
que aghora caeume ben  
case que se vai pudrindo;

Celestino:

Ahora o que che sucede  
pra eso non hai remedio  
porque ti lévala aghulla  
e dóblache polo medio;

Calviño:

Polo medio non me dobra  
ti non has de ser rapás  
non me dobra polo medio  
que dobra carón detrás.